



A APDR ESIXE RESPONSABILIDADES POLO VERTIDO NO VERDUGO

Diante do vertido tóxico detectado hai 3 días no río Verdugo, que provocou unha importantísima mortandade de peixes (fundamentalmente troitas e salmóns, pero tamén anguías e outras especies) e que de acordo coas noticias recollidas nos medios de comunicación foi debido á saída incontrolada dun produto químico desde a EDAR do Concello de Ponte Caldelas ao río, a Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) quere manifestar o seguinte:

1º.- Con independencia de cal sexa a súa procedencia, resulta lamentable que se sigan producindo vertidos químicos aos nosos ríos e rías, pero resulta máis lamentable se cabe, que estes vertidos poidan producirse por un funcionamento negligente da administración. En efecto, tal e como admite o propio alcalde de Ponte Caldelas, nesta ocasión o vertido produciuse pola rotura dunha peza na EDAR do Concello, un feito que si ben é certo pode ser imprevisible non é menos certo que indica unha evidente falta de control e seguridade por parte das autoridades municipais, con competencia neste particular.

2º.- descoñecemos neste momento cal puido ser a alteración real do ecosistema provocado polo vertido, pero moito nos tememos que non se limite á desaparición dun elevado número de exemplares de peixes, o que por sí só sería xa suficientemente grave para o Verdugo. Na APDR estamos convencidos de que, unha volta máis, desde a administración tentouse minimizar o sucedido e que –como noutras ocasións- non abonda con repoboar con alevíns.

3º.- Agardamos da administración autonómica unha investigación eficaz sobre as causas e sobre os efectos do vertido no ecosistema e unha información veraz ao respecto, como agardamos a posta en práctica das medidas necesarias para a recuperación do ecosistema no menor prazo de tempo posible e para que feitos como este –por desgraza demasiado cotiáns no noso país- non se volten producir.

4º.- Esiximos que desde o goberno autonómico se depuren as responsabilidades a que houbera lugar e se apliquen as correspondentes sancións aos responsables. Pola nosa banda non desbotamos a posibilidade de acudir aos tribunais de xustiza para que feitos como este non queden impunes.

En Pontevedra a 20 de agosto de 2009, e en representación da APDR,

asinado Antón Masa.